

La 8

de Erick Jiménez
con música das pandereteiras de Xacarandaina



FOTOGRAFIA DE IRIA NAYA

unha investigación coreográfica apoiada e producida polo

Centro Coreográfico Galego
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellaría de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña
Avda. Glasgow, nº11
15008 - A Coruña
Tfn. 981 134 946
Fax. 981 138 294
www.centrocografico.org



La 8

Presentación [08]

La 8 [09]

O proceso de traballo [11]

O equipo artístico [12]

Nome popular do barrio de Costa Rica no que
medrou o autor desta investigación coreográfica e
onde actualmente vive a súa familia.

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

O Centro Coreográfico Galego é un centro de creación, producción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia. Creouse en 2006 no seo da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, e hoxe está adscrito á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). É un organismo plural cun espírito abierto aos distintos xeitos de facer e de entender a danza.

O CCG desenvolve unha liña de traballo de apoio á creación a través da producción propia, as coproducións e os artistas en residencia. Ademais leva a cabo un completo programa de formación, dirixido tanto a profesionais como a público, e pon en marcha distintos talleres de danza e música que se realizan durante o curso nos centros escolares da área metropolitana da Coruña.

O seu traballo esténdese tamén ao ámbito editorial a través da colección Bitácora - que pon á vista o proceso creativo e amosa a evolución dun espectáculo de danza -; e da recentemente estreada Corpo de Letra coa que se quere contribuír ao reforzo teórico da danza e doutras artes do movemento.

O Centro Coreográfico Galego ten dentro da súa misión principal contribuír á formación dos profesionais da danza e das artes do movemento en Galicia.

Un modo fundamental para descubrir o talento e a creatividade é dar a oportunidade a creadores novos de traballar con equipos de intérpretes profesionais nun marco sen presións polo resultado. Con este obxectivo o CCG convida aos xoves coreógrafos Erick Jiménez e Kirenia Martínez a realizar unha investigación coreográfica cos trece bailaríns de *Giseliña* nun prazo de catro semanas.

La 8 é o resultado da investigación coreográfica concibida e dirixida por Erick Jiménez.



LA 8

LA 8 é unha investigación coreográfica a través da que se transforman aspectos cotiás e recordos persoais nunha creación escénica. O nome de La 8 fai referencia ao barrio no que medrou o director desta investigación e no que actualmente vive a súa familia.

O punto de partida deste traballo son os seus recordos e as súas experiencias, que abordan dende as reunións familiares, os personaxes da súa nenez, os xogos, festas, partidos de fútbol, bailes da súa adolescencia, o seu traballo como vendedor ambulante de tarxetas de nadal, o movemento do seu barrio e os seus espazos, ata o seu traballo con Wil Swanson ou Trisha Brown en Nova York e a súa chegada a Galicia.

La 8 parte dunha investigación persoal na que Erick Jiménez recolle todo aquilo que o influiu como artista, facendo fincapé no cotiá e popular. Tratase de poñer en valor estes aspectos dende experiencias persoais de cada un dos intérpretes. Esta proposta é, ante todo, unha viaxe ao interior de nos mesmos partindo dos recordos e das experiencias dos outros. En La 8 as experiencias e os recordos deixan de ser exclusivamente persoais para adquirir un carácter universal a través da confrontación co outro.

O PROCESO DE TRABALLO

Nesta procura do persoal Erick Jiménez pediulle aos intérpretes que traballaran con cancións e bailes de cada un dos seus pobos -como unha canción do Xapón que a nai dunha das intérpretes empregaba para durmila, un chotis madrileño ou a música alegre e festiva dun pobo de Italia- e empregou os números dos seus DNI para crear coordenadas no espazo das que xurdiron as primeiras estruturas de movemento. Inspirouse tamén nas danzas populares galegas empregando liñas e formacións propias destes bailes, como é a roda, ou nas estruturas de movemento da danza postmoderna. Todo este material uniuse a través do cotiá e de como este se pode transformar nun acto escénico.



O EQUIPO ARTÍSTICO

Concepción e dirección da investigación Erick Jiménez

Intérpretes Noemi Alberganti
Jorge Brea
Katja J. Geiger
Álvaro Esteban
Alba Fernández
Carmela García
Satoko Kojima
Amparo Novás
Ana Beatriz Pérez
Miguel Ángel Ponte
Julio César Quintanilla
Hannah Shakti
Jordi Vilaseca

Música Pandereteiras de Xacarandaina



ERICK JIMÉNEZ

Realiza estudos de arte con especialidade en teatro, teoxía e socioloxía, e estudos superiores na Universidade Nacional de Costa Rica, especializándose en danza contemporánea e traballando coas compañías más importantes deste país.

Intérprete e creador que colaborou en diferentes compañías de danza contemporánea. Como bailarín, o seu traballo viuse en agrupacións e proxectos ao lado de grandes profesionais da danza e do mundo artístico en xeral conseguindo importantes premios e recoñecementos. Compartiu escenario con Will Swanson-Trisha Brown dance project, Mikhail Bahrysnikov, Rami Levi, Will Menter, José Antonio Orts, Enclave Cía., Otra Danza, Pierre Bastien, Nandayure Harley, Ramesh Tajal, Pablo Coello, Carlos Ramírez, Cirque du Soleil, etc.

Realiza tamén o seu traballo como profesor de danza convidado por numerosos centros, universidades e compañías internacionais, desenvolvendo workshops en diferentes escolas, universidades, teatros, festivais e cidades. Coreógrafo convidado e director en xira dos espectáculos producidos polo Centro Coreográfico Galego. É co-creador e asesor do proxecto Neodans. Actualmente desenvolve a súa carreira artística en paralelo aos seus estudos de Ashtanga Yoga, Qigong, Quiromasaxe e Osteopatía.

NOEMI ALBERGANTI

Estudou na escola de danza Crescendo, dirixida por Dany Handley, completando a súa formación con profesionais como Marie-Louise Nespolo, Béatrice Carboni, Sergio Briceno. Tamén realizou estudos de danza en Nova York no Instituto José Limón, na compañía Trisha Brown ou no estudio Merce Cunningham, entre outros. É intérprete e coreógrafa de traballos como Stupid Girl, Autruioception, Femmes en mouvement ou Réaction. Como docente impartiucursos de danza para nenos e adolescentes en distintas escolas e festivais.

JORGE BREA

É titulado en danza contemporánea na Contemporany Dance School de Londres. Estudou tamén na Royal School of Physical Theatre & Drama de Madrid e na Karen Taft School of Dance. Completou a súa formación na Richard Alston Dance Company. Como bailarín participou en Dardanus, the Opera, de Isabel Mortimer; En nombre de la Infanta Carlota, musical con coreografía de Javier Muñoz; Salvajes, de Goyo Ganan, ou no musical Grease, dirixido por Eliseo García.

KATJA J. GEIGER

Aos sete anos comezou a facer ballet clásico (Waganova Technique). Estudou tamén coa RAD-Technique (Royal Academie of Dance), acadando o nivel avanzado. En 1995 obtivo unha bolsa de estudos para a Escola de Verán da RAD. Completou os seus estudos na Heinz-Bosl-Stiftung (Múnich) baixo a dirección de Konstanze Vernon. Na súa carreira profesional formou parte do Staatsballett de Múnich e do Volksoper de Vienna. Foi asistente de coreografía de Giorgio Madia en Seefestspiele Moerbisch.

ÁLVARO ESTEBAN

Titulado polo Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, diplomado en quiromasaxe e masaxe deportiva e licenciado en ciencias da actividade física e do deporte polo INEF de Madrid. Completou a súa formación con diversos cursos de expresión corporal, danza vertical, clásica e contemporánea. Como bailarín, participou na ópera Macbeth, dirixida por Gerardo Vera, nas películas Los dos lados de la cama, de Emilio Martínez Lázaro, ou Fados, de Carlos Saura, ou en compañías como Larumbe Danza, Trasdanza, Corps ou Centro Coreográfico Galego.

ALBA FERNÁNDEZ

Estuda no Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, especializándose en danza contemporánea. Completa esta formación con diversos cursos de técnica release, limon, graham, cunningham, contact improvisación, hip-hop, teatro musical e ballet. Foi bailarina en compañías como Corps, Larumbe, Con.tempo, l'Sensi ou Y. Foi tamén coreógrafa das pezas Neutral Chaos e El que se sienta al lado. Actualmente forma parte da compañía Y, dirixida por Nadia Adame.

CARMELA GARCÍA

Formouse en danza clásica no Conservatorio de Valencia e graduouse en danza na especialidade de coreografía e técnicas da interpretación no Instituto Superior de Danza Alicia Alonso da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Realizou cursos e estancias en Cannes, London Center School, IT Dansa, Hungarian Dance Academy... Formou parte do Novo Ballet de Cámara de Madrid e recibiu o Primeiro Premio no certame de Novos Coreógrafos Creadores de Madrid, no Concurso de Danza de Valencia e no Concurso de Danza de Castellón. Foi bailarina en Vacuo, do CCG.

SATOKO KOJIMA

Titulada en danza contemporánea polo Instituto de Teatro de Barcelona, estudou danza clásica no Conservatorio Carmen Rochy. Realizou diversos talleres con profesionais como Roberto Oliván, David Zambrano, Lali Ayguadé, Ramón Oller, Bechy Siegel ou Maxim Lanarelli, entre outros. Foi bailarina en Kathads, de Lali Ayguadé; Memoirs of the Stones e Still Moving, de Becky Siegel; Utagai e Somnis de donnes de la Mediterránea, de Paranoies Gómez Company; e Violeta's tears e Carmen, de Ramon Oller. Foi tamén profesora de danza no Club ADI e na Casa Cultural de Olite.

AMPARO NOVÁS

É bailarina titulada pola Escola Profesional de Danza de Madrid (2002). Fixo diferentes cursos de danza con mestres da experiencia de Reynaldo Muñiz, Marianna Sedova, Cristianne Marchante, Ramón Oller, Gloria García, Víctor Ullate... En 2004 realizou unha colaboración coa Compañía Sol Picó en Fitur (Madrid); tamén colaborou coa Compañía de Fernando Hurtado e ao ano seguinte integrouse como bailarina de Turandot no Teatro Liceo de Barcelona. En 2006 pasou a colaborar coa Compañía ExperimentaDanza. Foi bailarina en Vacuo, do CCG.

ANA BEATRIZ PÉREZ

Titulada como bailarina e profesora na especialidade de danza moderna e folclórica pola Escola Nacional de Artes de La Habana (1991), forma parte da Compañía Nacional de Danza de Cuba nese mesmo ano. Recibiu numerosos premios, entre eles o Primeiro Premio do V Certame Internacional de Coreografía Burgos & Nova York como bailarina e coreógrafa por La cuenca de tus ojos (2006), traballo polo que tamén recibe o Primeiro Premio do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia. Foi bailarina nas montaxes do CCG Vacuo e Kiosco das almas perdidas.

MIGUEL ÁNGEL PONTE

Cursou o grao medio de danza na escola Druída e no Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid. É licenciado en coreografía e interpretación pola Universidade Rey Juan Carlos de Madrid, cursando o máster oficial en artes escénicas no mesmo centro. Como bailarín participou en Lúa amarga, O calar do tempo e Verde transparente, de Druída Danza; Gotan e Cascanueces, do Novo Ballet de Cámara de Madrid, ou Átame e Romeo y Julieta, do Ballet Clásico de República Dominicana. Obtivo diversos premios en certames nacionais polas súas interpretacións.

JULIO CÉSAR QUINTANILLA

Titulado polo Real Conservatorio Profesional de Danza Marienmma na especialidade de danza contemporánea, completou esta formación con clases de mestres como Wendel Wells, Christine Tanguay, Chevi Muraday, Carmen Werner, Win Vandekeybus... Foi bailarín nas películas Los dos lados de la cama, de Emilio Lázaro, e Fados, de Carlos Saura, na ópera Macbeth, dirixida por Gerardo Vera, nas pezas Viento chiaro e Allegro ma non troppo, de Pedro Beryades, e nas compañías Corps e Larumbe Danza, entre outros.

HANNAH SHAKTI

En 1998 comeza os seus estudos de danza en Italia. É diplomada en Danza Teatro Performing Arts pola Universidade de Niza (Francia 2002-2003). De 2003 a 2006 realiza estudos no Laban Dance Center de Londres, na especialidade de Danza Teatro. Realizou diferentes cursos con compañías e profesionais do nivel de David Zambrano, Forsyth Dance Company, Les Slovaks, Leon Baugh... Traballou en Retina Dance Company (UK), Offjazz Junior Dance Company (Niza) e con diferentes coreógrafos como Filip Van Hoffel, Jonathan Stone, Mark Lorimer, Zoi Dimitrou... Coas súas propias creacións bailou no Bonnie Bird Theatre e no Laban Theatre de Londres. Foi bailarina de Kiosco das almas perdidas, do CCG.

JORDI VILASECA

Graduado polo Conservatorio Profesional de Danza (Institut del Teatre) de Barcelona en 2002. Recibiu clases con Bárbara Kasprovich, Mauro Galindo, Elena Barcheva, Marta Munsó, José María Escudero, Keith Morino, Avelina Argüelles, Ramón Oller, Joan Boix, Rodolfo Castellanos e Jeanie Solan. En 2002 obtén unha bolsa de estudos do Instituto Superior de Danza Alicia Alonso e tamén o Premio do Público da VI Competición Cidade de Castelló na categoría de contemporánea, así como o Premio Especial na I Competición Internacional de Danza Moderna Burgos-Nova York nese mesmo ano. Traballou en compañías como Metros, Lanomina Imperial, Norrdans, SYBA e Centro Coreográfico Galego.

PANDERETEIRAS DE XACARANDAINA

O Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina formouse en 1978 na cidade de A Coruña e é dirixido dende 1982 por Henrique Peón. O seu obxectivo principal é a investigación do folclore de Galicia, procurando non desvirtualo en ningún dos seus detalles. Para isto, o Grupo efectúa unha intensa labor etnográfica de campo, recuperándose así músicas, bailes, danzas, cancións, instrumentos e traxes autóctonos. Xacarandaina ten levado o folclore de Galicia aos mellores escenarios de festivais e teatros, non só no noso país e a nivel nacional, senón por toda Europa (Francia, Escocia, Portugal, Bélgica, Eslovaquia, Ucraína, Hungria, etc).

Unha das seccións desta agrupación é o grupo de Pandereteiras, dirixidas por Belén Mato Corral, que foi o primeiro grupo destas características creado en Galicia e acadou un bo número de galardóns, tanto co corpo de baile como independentemente. Ademáis, o Grupo de Música Tradicional Xacarandaina ten un disco editado, e colaborou na gravación de dous maís. O seu repertorio abrangue pezas de todas as comarcas de Galicia, conservando a maneira de cantar, a lingua e as percusións e ornamentacións de cada zona.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



Agencia Galega das
Industrias Culturais

